

## COMPRA – VENTA

- Como Cabras S.C.G. vende cabritos machos e cabritas femias, raza Murciano-Granadina 7,5 €/Kg de peso vivo os machos, 15 €/Kg de peso vivo as femias  
Tlfno.: 659083339 - 682474264 – 616547099 – Castro Caldelas (Ourense)
- Véndese rabaño de 90 ovellas e dereitos de pago único. Taboada (Lugo) Tfno.:639428794 (Javier)
- Véndense 30 ovellas con años en Trazo (A Coruña). Tfno.: 672071332
- Véndense 7 cabras e 7 cabritos en Palas de Rei (Lugo). Tfno.: 650611945
- Véndense 25 ovellas en Pedrafita do Cebreiro (Lugo). Tfno.: 685618964
- Véndese un castrón e unha cabra con crías en O Irixo (Ourense). Tfno.: 655974270
- Véndense 40 ovellas en Bazar, Castro de Rei (Lugo). Tfno.: 620757118
- Véndense cachorros de mastín en Mesía (A Coruña). Tfno.: 693733440 – 981687007
- Regálanse 2 cachorros de pastor catalán. Xinzo de Limia (Ourense). Tfno.: 629479623
- Cómpranse 4 cabras e 1 castrón, non importa lugar. Santiago (A Coruña). Tfno.: 660943406
- Curso de pastoreo con cans 26 de xuño. Enrique (Boimorto – A Coruña) Tfno.: 620295920
- Búscase traballador/a para explotación de ovino en Vilasantar (A Coruña). Ofrécese casa.  
Tfno.: 609212819
- Véndense cachorros de mastín. Tfno.: 610503323 Melide (A Coruña).
- Véndese rabaño de 75 ovellas e 10 cabras cos machos. Tfno.: 696225667 ou 982157436 (pola noite) Paradela (Lugo).
- Véndense 2 carneiros adultos. Tfno.: 669 128 946 – Meira (Lugo)
- Véndese macho caprino de 10 meses de idade. Tfno.: 655974270 - O Irixo (Ourense).
- Véndense cachorros de mastín. Tfno.: 699757716 Alfoz (Lugo).
- Véndense excelentes cabritas de recría de explotación ecolóxica de cabras de aptitude cárnica. Tfnos.: 687418518 (Xosé) 609529872 (Bernardo) Allariz (Ourense).
- Cómprase remolque esparcidor de esterco e véndese máquina de rapar. Tfno.: 639925690
- Véndese rabaño de 60 ovellas. Tfno.: 696 695 780 - Forcarei (Pontevedra).
- Véndese rabaño de 160 ovellas con cordeiras. Tfno.: 616 763 546 – Aranga (A Coruña)
- Véndense 60 cabras a escoller. Tfno.: 620 186 650 – Allariz (Ourense)
- Véndese rabaño de 250 ovellas e material diverso (comedeiros, tolvas,...). Tfno.: 608 879 938 - A Pastoriza (Lugo)
- Véndense rabaño de 30 cabras e 2 machos. Tfno.: 608 265 651 – Calvos de Randín (Ourense)

## RAPA

O 10 de xuño finalizou a campaña da rapa 2010 organizada por OVICA. En total rapáronse máis de 26.500 ovellas dende finais de marzo. Queremos mandar un agradecemento a tódolos socios/as que contribuíron e contribúen á continuidade e o bo desenrolo deste servizo que OVICA vén prestando dende o ano 2002.

Se algún socio está interesado en rapar no outono que se poña en contacto con OVICA.



Moltas grazas a todos e todas!



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 59 XULLO-AGOSTO 2010

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

## O Sector no resto do estado

### FECOC - Federació d'Entitats Catalanes de Ramaders d'Oví i Cabrum

FECOC é unha federación que agrupa as principais entidades gandeiras de ovino e caprino de Cataluña. Ademais agrupa as ADSG de Cataluña do sector, 17 en concreto, espalladas por toda a comunidade. As razas agrupadas nesta federación son:



#### Ovella Ripollesa

O seu peso oscila entre os 45 e os 60 Kg. nas femias e entre 65 e 85 nos machos. Teñen unha altura aproximada de 67 cm as femias e de 72 cm os machos. No libro xenealóxico hai so rexistradas 6.240 femias e 260 machos repartidos en 15 explotacións. Esta raza ben adaptada ó clima catalán ten unha prolificidade do redor de 1,2 anos/parto.



#### Ovella Xisqueta o Pallaresa

Animais pequenos de entre 30-35 Kg nas femias e 40-45 Kg nos machos. Presenta unhas aptitudes maternas moi boas que permiten a cría do ano tipo "ternasco" de excelente calidade. É unha raza rústica, moi camiñadora, capaz de aproveitar os pastos máis fibrosos, aínda cando hai neve. Os seu fuciño pequeno permítelle aproveitar ata a base dos pastos máis bastos. O número de exemplares de raza pura está entre 15.000 e 20.000 cabezas.



#### Ovella Aranese

O peso dos machos oscila entre 80 e 100 Kg mentres que as femias pesan entre 50 e 70 Kg. É unha raza moi rústica e adaptada a orografía dos vales máis abruptos do Pirineo catalán, marcados por unha climatoloxía con temperaturas extremas e cambios moi importantes no forraxe dispoñible. En xeral é unha raza criada en réxime semiextensivo para a produción de carne. No Val de Aran hai 64 explotacións, as cales se reparten os 1.700 exemplares existentes.



#### Cabra Blanca de Rasquera

Teñen unha altura de 70 cm pesando as femias entre 50 e 60 Kg e os machos uns 70 Kg. A situación actual da raza é crítica. O máis preocupante para o futuro da raza é o seu reducido número de gandeiros (12) e a elevada idade dos mesmos (53 anos de media). Isto, unido a falta de relevo xeracional (80% deles non o teñen) debuxa un perigoso futuro para a raza. Está considerade en perigo de extinción.



#### Cabra Pirenaica

Caracterízase por un tamaño medio, cun peso entre 75 e 85 Kg nos machos e de 55 a 65 nas femias. Aínda que tradicionalmente ten dobre aptitude (carne – leite) actualmente críase de forma extensiva practicamente en semiliberdade a maior parte do ano para a produción de cabritos par ao Nadal. A raza presenta unha prolificidade e fertilidade elevadas. Antano estaba espallada por todas as áreas montañosas do norte da península, pero na actualidade quedou relegada nos Pirineos, principalmente o aragonés e está considerada como raza en perigo de extinción.



#### Ovella Lacaune

Na federación tamén está presente esta raza, por todos coñecida, o que permite á FECOC ter maior representatividade xa que non está limitada unicamente polas razas autóctonas, senón que suma os esforzos de todas as entidades do sector.



CAIXA RURAL GALEGA

## PROGRAMA DE CRÍA DE MASTÍNS



Este ano OVICA inicia o programa de cría de mastíns. Arrancando ca programación das montas e a distribución dos cadelos a finais de ano.

Nesta mesma liña, OVICA asinou ca Consellería do Medio Rural o convenio para o ano 2010 para a prevención de ataques do lobo. Dentro dese convenio repartiranse 20 cadelos de raza mastín para a protección dos noso rabaños.

Aqueles que estades apuntados na lista de espera sereades os primeiros en recibir un cadelo/a!

Recordámosvos que para a correcta identificación e estado sanitario dos vosos cans ACIVO dispón de servizos específicos:

- Identificación: na base de datos de Galicia (REGIAC)
- Desparasitación: tan importante coma do rabaño
- Vacinación: Para cans adultos e cadelos

## CONGRESO DE AGROECOLOXÍA

O pasado 25 de xuño OVICA participou en Vigo o III Congreso de Agroecoloxía e Agricultura Ecolóxica, organizado polo grupo de investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía da Universidade de Vigo.

Neste congreso presentouse o traballo de OVICA o longo destes 15 anos de andaina e incidíuse na idoneidade das producións de ovino-caprino de carne cara a conversión a agricultura ecolóxica.

Concretamente dentro do aproveitamento dos recursos pastables extensivos no monte galego a produción ecolóxica é sinxela de xestionar e de cumprir cos seus requirimentos.

Por outra parte incidíuse nas posibilidades do monte galego e da posibilidade de crear novas ganderías nos montes veciñais en man común grazas a experiencia e ó apoio técnico de OVICA.

Mais información en <http://economiaecologica.uvigo.es>



## PULGAS

A pulga é un parasito externo que afecta ó noso gando, cans, gatos e incluso ás persoas. As pulgas son parasitos molestos e difíciles de eliminar, presentes sobre todo en explotacións de cabras. O medio ideal para a súa multiplicación son as cuadras, xa que nelas atopan alimento (a sangue dos animais), calor (especialmente no verán) e protección para o seu desenvolvemento (a cama).

O ciclo biolóxico das pulgas é o seguinte:



**OVOS:** Normalmente presentes na cama e no chan. Os ovos, para sobrevivir, necesitan dunha humidade aproximada de 70-75%. Representan o **50%** da poboación total.

**LARVAS:** Tardan 2-5 días en saír do ovo. Aliméntanse de restos orgánicos e sangue. Poden permanecer neste estado algúns días ou ata meses dependendo da humidade e da temperatura. Representan o **30%** da poboación total.

**PUPAS:** Nesta etapa do ciclo presentan un capullo que as protexe e fainas resistentes ós insecticidas. Desta maneira poden permanecer ata 12 meses á espera de mellores condicións. Representan o **15%** da poboación total.

**ADULTOS:** Cada femia pon entre 300 e 400 ovos, despois deben alimentarse durante 24-36 horas e xa estarán listas para poñer os ovos. Representan o **5%** da poboación total.

Son insectos que se reproducen de forma moi rápida, durando o seu ciclo mais curto arredor dunha semana, sempre e cando se dean as condicións de humidade e temperatura axeitadas.

Matalos adultos das pulgas e sinxelo cos insecticidas habituais. Pero se so se eliminan as adultas o problema rexurde os poucos días. Porque o principal problema é a erradicación das outras fases do ciclo, xa que representan o 95% da poboación e son resistentes os insecticidas habituais. Todas estas fases atópanse no esterco da cuadra.

Para tratar de eliminar toda esta poboación temos que aplicar outras técnicas e produtos.

O sistema máis eficaz é a eliminación do esterco da cuadra tan a miúdo como sexa posible. E acumulalo nunha pila para que fermente (canto mais tempo mellor). Este é o punto de partida da loita contra estes parasitos.

Dende ACIVO recomendamos complementar a medida anterior coa aplicación dun tratamento ás instalacións con insecticidas que eliminen tanto as formas adultas como as formas resistentes deste parasito (as fases larvarias). E conxuntamente un tratamento insecticida para os animais.

Para iso, o Servizo de Distribución de Medicamentos de ACIVO dispón de insecticidas específicos para adultos (DIACIGEN, DIREX, DIAZIGEN) e outros específicos para fases larvarias (LARVIGEN). Estes produtos véñense empregando nas explotacións da ADS con eficacia.

Este verán ACIVO ten preparados Packs de produtos específicos contra a loita destes parasitos. Consulta co teu veterinario para coñecer o tratamento que mellor se axuste ó teu caso.

**Pack pulgas e carrachas: 45,00 €**  
e en formato XL so por 10 euros máis!

**Pack DD (Desinfección e Desratización): 21,00 €**  
un Ratigen de 500 gramos de balde!

